

*Pon as túas Palabras de Amor na nosa boca*

**No medio das persecucións,** das tarefas, das desgrazas, pero tamén das ledicias, das ganas, da entrega e o entusiasmo: pon, Señor, as túas Palabras de Amor na nosa boca.

**Ponas coa mesma enerxía e autenticidade** con que o fai o papa Francisco, ou a misioneira que o deixou todo por servir, ou os nenos que se alegran co teu evanxeo.

**Non hai adversario nin inimigo** que poida co testemuño sincero dos que teñen fe; nin fai falta preparar defensas porque a defensa é a propia vida que se deixa levar pola Boa Nova de Xesús.

**Grazas, Señor, porque non necesitamos discursos,** porque o sal fala por si mesmo sen necesidade de aparentar!

**Pon as túas Palabras de Amor na nosa boca,** o aire do teu Espírito na nosa vida, para ser construtores de paz, gritar xustiza e recordar ao mundo que os pobres son os nosos irmáns.

**Pedímosche polos pobres,** polos que os pasan mal. Pon Amor no noso corazón e xestos de solidariedade nas nosas mans para dar e compartir.



**Evanxeo**  
**17 – novembro - 2019**  
**33º-ORDINARIO-C**



**Pon as túas Palabras  
de Amor na miña boca.**

# Ordinario 33

## MALAQÚAS 3, 19-20A: A vós iluminaravos un sol de xustiza.

Velaquí que chega o día, ardente como un forno, no que todos os orgullosos e malfeitores serán como palla; consumiraos o día que está chegando, di o Señor dc universo, e non lles deixará nin copa nin raíz. Pero a vós, os que temedes o meu nome, iluminaravos un sol de xustiza e acharedes saúde á súa sombra. *Palabra do Señor.*

## Sal 97: R/. O Señor chega para rexer os pobos con rectitude.

### 2ª TESALONICENSES 3, 7-12: Se alguén non quere traballar, que non coma.

Irmáns: Xa sabedes vós como tendes que imitar o noso exemplo: Non vivimos entre vós sen traballar, non comemos de balde o pan de ningún, senón que con cansazo e fatiga, día e noite, traballamos a fin de non ser unha carga para ningún de vós. Non porque non tivésemos dereito, senón para darvos en nós un modelo que imitar. Ademais, cando estabamos entre vós, mandabámosvos que **se alguén non quere traballar, que non coma**. Porque nos decatamos de que algúns viven desordenadamente, sen traballar, así a todo meténdose en todo. A eses mandámoslles e exhortamos, polo Señor Xesucristo, que traballen con acougo para comer o seu propio pan. *Palabra do Señor.*

### LUCAS 21, 5-19: Coa vosa perseveranza salvaredes as vosas almas.

**Narrador:** Naquel tempo, como algúns falaban do templo, do belamente adornado que estaba con pedra de calidade e exvotos, Xesús díxolles:

**Xesús:** -«Isto que contemplades, **chegarán días en que non quedará pedra sobre pedra que non sexa destruída**».

**Narrador:** Eles preguntáronlle:

**Xudeus:** -«Mestre, cando vai ser iso?, e cal será o sinal de que todo iso está para suceder?».

**Narrador:** El díxolles:

**Xesús:** -«**Mirade que ningún vos engane**. Porque moitos virán no meu nome dicindo: “Eu son”, ou ben: “Está chegando o tempo”; non vaiades tras eles. Cando oiades noticias de guerras e de revolucións, non teñades pánico. Porque é necesario que iso ocorra primeiro, pero o fin non será enseguida».

**Narrador:** Entón dicíalles:

**Xesús:** -«**Alzarase pobo contra pobo e reino contra reino, haberá grandes terremotos, e en diversos países, fames e pestes. Haberá tamén fenómenos espantosos e grandes signos no ceo. Pero antes de todo iso botaranvos man, perseguiranvos, entregándovos ás sinagogas e aos cárceres, e facéndovos comparecer ante reis e gobernadores, por causa do meu nome. Isto serviravos de ocasión para dar testemuño.**

**Por iso, metédevos ben na cabeza que non tendes que preparar a vosa defensa, porque eu dareivos palabras e sabedoría ás que non poderá facer fronte nin contradicir ningún adversario voso. E ata os vosos pais, e parentes, e irmáns, e amigos entregaravos, e matarán a algúns de vós, e todos vos odiarán por mor do meu nome. Pero nin un cabelo da vosa cabeza perecerá; coa vosa perseveranza salvaredes as vosas almas**».

*Palabra do Señor.*

(Narrador- Xesús-Xudeus).



## Pon as túas Palabras de Amor na miña boca.

### 1. VER: Hai momentos duros na vida.

-Todos pasamos algunha vez por situacións de medo, de angustia porque alguén nos fai dano ou non nos entenden e non sabemos como saír adiante. **Sucedeu algo así? Cántao. Como solucionaches a situación?**

### 2. XULGAR: Deus pon Palabras de Amor na nosa boca.

-No evanxeo deste domingo, finalizando o tempo ordinario, Xesús fala de guerras, de destrucións, enfrontamentos... **“Persequiranvos... Que ningún vos engane”**. Pero recórdanos que nada de medos, **“eu dareivos palabras e sabedoría”**. E será ocasión **“para que deades testemuño de min”, “sede perseverantes”**.

### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

#### 1. SER CRISTIÁN HOXE NON É DOADO:

\*Ser cristián non é garantirse o éxito seguro nin unha vida moi fácil. Haberá quen nos queira enganar ou levarnos por malos camiños. E como non está de moda crer, miránnos mal, veránnos como seres raros, e poida que sexamos molestos por dicir a verdade ou defender os pobres. Pero ollo!...Paga a pena ser valentes, ser testemuñas de Xesús, dar a cara por el, perseverar na fe e na amizade con el, ser do grupo de Xesús. Anímaste?

#### 2. XESÚS É O AMIGO QUE NUNCA FALLA:

\*Xesús é amigo fiel e os amigos fieis sempre están aí (“están ás duras e ás maduras”). Dinos: **“eu dareivos palabras e sabedoría fronte ao adversario”**. El \*regálanos a súa Palabra (a Palabra de Deus) onde atoparemos luz e forza. El pon Palabras de Amor na nosa boca para que cos nosos xestos de amor o testemuñemos e animemos a outros a seguilo. A clave está en estar unidos a el..., así xa non teremos medo nin angustias... A forza vénnos do Señor.

#### 3. Hoxe celebramos a Xornada dos Pobres:

\*No mundo hai 7.000 millóns de persoas, deles, un terzo pasa fame. Con todo prodúcense alimentos para 30.000 millóns de persoas. Non é un problema, pois, de comida, senón de distribuíla mal. Tomemos en serio esta xornada, todos podemos facer algo: queixámonos da comida, tirámola, hai que tomar conciencia e compartir... Aprende a dicir: **“Eu estarei contigo”**.

**Que che está pedindo Xesús? Que podemos facer?**

### 3. ACTUAR: Para Deus todos están vivos.

- Coñeces situacións de *bullying* escolar? Vede esta peli e comentádea: “Marion. 13 anos eternamente”. Escríbelle unha carta a un acosado ou gravádelle un vídeo. -Le todos os días o evanxeo e escoita o que che quere dicir nel. -Afronta os problemas deixándote acompañar por Xesús, o amigo que nunca falla. Sé forte, constante e perseverante, aínda que non estea de moda o ir contracorrente. -Nesta xornada dos Pobres que estableceu o papa Francisco para que colaboremos activamente para que ningún se sinta privado de proximidade e solidariedade. Non tiremos comida, miremos a quen podemos botar unha man -Afronta os problemas deixándote acompañar por Xesús, o amigo que nunca falla.

**En que poderías mellorar? Que imos facer?**